



CIF: P3600100F

BASES QUE HAN DE REXER AS NORMAS E CONDICIÓN XERAIS PARA A INSTALACIÓN E FUNCIONAMENTO TEMPORAL DE ATRACCIÓN DE FEIRA, POSTOS DE ALIMENTACIÓN, BIXUTERÍA E VENDA VARIADA DURANTE OS DÍAS DA FESTA DA LAMPREA.

Unha vez analizadas as necesidades, tanto técnicas como xurídicas, para regular as condicións que deben cumprirse para a autorización e o exercicio das actividades recreativas a desenvolver na vía pública, como consecuencia da LXVI Festa da Lamprea, e en exercicio das facultades que ostenta a Alcaldía Presidencia, dítase a seguinte instrución, ao amparo do art. 6 da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público:

PRIMEIRO: OBXETO

As presentes bases teñen por obxecto fixar os criterios que rexen a autorización e instalación dos postos temporais de venda en espazos de uso público municipais destinados a venda de produtos autorizados na Festa da Lamprea de Arbo e que se rexen pola lei 13/2010 do 17 de decembro, de Comercio Interior de Galicia, a Lei 9/2013 do 19 de decembro, de empréndemete e da competitividade económica de Galicia, a Lei 10/2017 do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e pola ordenanza fiscal reguladora da taxa por instalación de postos, barracas, casetas de venda, espectáculos, atraccións ou recreo, situados en terreo de uso público municipal, así como industrias rueiras e ambulantes e rodaxe cinematográfico.

A efectos das presentes bases establececese a seguinte clasificación:

a) Atraccións mecánicas: atraccións que funcionen con movemento producido por forza mecánica e/o eléctrica con estruturas nas que os usuarios han de situarse no seu interior. Respecto a os despachos de billetes para venda de ticket e para aquelas que non se atopen integradas na atracción, estas deberán situarse dentro do espazo autorizado.





CIF: P3600100F

b)Casetas: estruturas nas que o público se sitúa no exterior das mesmas e desenvolve unha actividade. Tales como casetas de tiro, porterías, canastras de baloncesto, tómbolas, rifas, bingo ou similar.

c) Inchables: estruturas que se baseen nunha subministración de aire continuo para manter a súa forma, na cal ou sobre a cal os usuarios poden xogar, botar e/o deslizarse.

d) Postos de alimentación: instalacións ou estruturas eventuais, desmontables ou portátiles, vehículos adaptados ou food-truck, onde se realiza unha manipulación, exposición e venda directa ao consumidor de produtos de alimentación e que cumpren os cos termos e condicións que marca a lexislación sanitaria e de hixiene dos alimentos.

e)Postos de venda: negocios dedicados á venda de produtos artesanís, bixería, xoguete...

2

SEGUNDO: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN PREVIA A POSTA EN FUNCIONAMENTO. MODO E PRAZOS. REQUISITOS ADMINISTRATIVOS E TÉCNICOS.

- **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

1.- O prazo para presentar as solicitudes para colocación de postos estará aberto desde o 9 de febreiro ata o 10 de abril, ambos incluídos.

2.- Todas as persoas interesadas en obter autorización para a instalación dos postos de venda, deberán cubrir a solicitude oficial e a Declaración Responsable, pagar as taxas por ocupación de vía pública e presentalas no rexistro xeral do Concello ou a través da sede electrónica do Concello de Arbo

Deberá estar correctamente cuberta a solicitude, a declaración e pagadas as taxas municipais, de non ser así, entenderase por inadmitida.





CIF: P3600100F

Tamén poderá presentarse nas formas previstas na Lei 39/2015, de procedemento administrativo común. Con todo, no caso de presentarse forá do Concello, o/a solicitante deberá dirixir por correo electrónico á dirección oficinas.concellodearbo@gmail.com unha copia da instancia debidamente presentada con anterioridade ao final do prazo, a efectos de que poida ser incluída na relación de solicitantes. En caso contrario inadmitirase dita solicitude.

3.- Habilítase o teléfono 986 66 50 00 para información e resolución de dúbidas.

4.-A solicitude deberá estar acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI/NIF do solicitante ou documento acreditativo análogo expedido no Estado membro da UE ou permiso de traballo e residencia en vigor na data da solicitude.
- No caso de empresas ou asociacións copia do CIF.
- Fotografía do aparello ou atracción para o que se solicita a instalación.
- Fotocopia da Póliza do Seguro Obrigatorio de Responsabilidade Civil.
- Fotocopia do recibo en vigor do Seguro Obrigatorio de Responsabilidade Civil.
- Declaración responsable segundo modelo ANEXO II
- Xustificación de pago da taxa correspondente á ocupación do dominio público. ANEXO III.
- **Ademais:**

3

Atracción mecánica:

- Certificado da revisión anual da atracción asinado por un técnico competente.
- Inspección por un organismo de control autorizado pola Comunidade Autónoma de Galicia seguindo a metodoloxía da norma UNE 20.460-6-61, de acordo co establecido na ITC- BT-05 do REBT. Non se poderá poñer en servizo sen o devandito requisito.
- Certificado emitido por técnico competente que asegure a seguridade e garantías de estabilidade da montaxe realizada para a ACTIVIDADE RECREATIVA que se





CIF: P3600100F

especifique coas súas características concretas, no lugar asignado e nas datas da autorización.

- Contrato de mantemento dos equipos de protección contra incendios.
- Certificado emitido por técnico competente que asegure a seguridade e garantías de estabilidade da montaxe realizada para a ACTIVIDADE RECREATIVA que se especifique coas súas características concretas, no lugar asignado e nas datas da autorización.
- Certificado da instalación eléctrica de baixa tensión da atracción.
- **Se se conecta á rede eléctrica:**

1. Folla de roteiro no que especifique os días que permanecerá instalado no municipio, ambos correctamente cumprimentados, selaxes e datados.

2. Contrato coa compañía subministradora de enerxía eléctrica que cubra os días que permaneza instalado no municipio e o CUPS asociado asinado por ambas as partes.

- **No caso de utilización de xeradores:**

1. Para grupos propios: certificado da instalación eléctrica do grupo xerador.

2. Para grupos alugados: contrato asinado coa empresa ou factura do mesmo.

4

Inchables:

- Certificado de conformidade e cumprimento da norma UNE-EN 14960:2014.
- Certificado da revisión anual da atracción asinado por un técnico competente.
- Memoria actividade ou manual de uso.
- Certificado da instalación eléctrica de baixa tensión da atracción
- **Se se conecta á rede eléctrica:**

1. Folla de roteiro no que especifique os días que permanecerá instalado no municipio, ambos correctamente cumprimentados, selaxes e datados.

2. Contrato coa compañía subministradora de enerxía eléctrica que cubra os días que permaneza instalado no municipio e o CUPS asociado asinado por ambas as partes.

- **No caso de utilización de xeradores:**

1. Para grupos propios: certificado da instalación eléctrica do grupo xerador.

2. Para grupos alugados: contrato asinado coa empresa ou factura do mesmo.





CIF: P3600100F

Postos de alimentación:

- Acreditación da formación de manipulador de alimentos.

TERCEIRO: DATAS E HORARIOS DE FUNCIONAMENTO. CONDICIONS PARA A INSTALACIÓN DE POSTOS.

1. As datas de apertura das actividades ao público axustarase aos días de celebración da Festa da Lamprea.
2. O horario de apertura e peche deberá axustarse o horario marcado na lexislación vixente.
3. O peche dos postos significa non exercer actividade comercial algunha, debendo procederse totalmente o peche físico da instalación.
4. As actividades recreativas que fosen autorizadas poderá realizar a montaxe:
 - As situadas no aparcamento de Rial do Pazo desde o 18 de abril ás 06:00 horas, debendo estar finalizado antes do 23 de abril ás 24:00 horas.
 - As situadas na Rúa Antonia Tovar, Rúa Miguel Davila, Rúa Luis Cubelas, Rúa Segundo Gil Davila e Praza do Concello dende ó 23 de abril a partires das 16:00horas, sen obstaculizar o acceso ao casco urbano, vivendas e garaxes.
 - En todo caso, e según as circunstancias, o Concello poderá modificar os días e horarios de montaxe determinados nos apartados anetrios.
5. Levaráse a cabo unha inspección para contrastar o cumprimento das condicións de seguridade e hixiene, sendo obrigatorio a presenza do interesado ou no seu caso, dun representante no horario establecido. No caso de que o interesado non estea presente cando se vaia a realizar a inspección, non se dará a autorización para a súa apertura.
6. O desmonte terá que realizarse antes do luns 27 de abril ás 12:00horas. Calquera incidencia deberá ser notificada ao Concello de Arbo.

O CONCELLO NON PERMITIRÁ ningunha instalación cuxas dimensións declaradas no momento da solicitude resultasen inexactas. No caso de que polas dimensións efectivas do





CIF: P3600100F

aparelo non sexa posible a súa instalación, a persoa titular perderá a cantidade abonada como canon quedando excluída nas sucesivas Festas.

A AUTORIZACIÓN DE USO NOS ESPAZOS permitirá á persoa/entidade adxudicataria a explotación económica nos termos que se especifican e de cuxa correcta realización será plena e integramente responsable a mesma.

NO CASO DE QUE ALGUNHA PERSOA/ENTIDADE ADXUDICATARIA CAUSASE BAIXA da parcela e actividade adxudicada, comunicando dita baixa durante a semana anterior ás datas previstas para o inicio da montaxe perderá o dereito á devolución da cantidade abonada. O Concello dispoñerá da devandita parcela podendo cubrir ou non a mesma como considere.

CUARTO: CONDICIÓNS XERAIS E ASIGNACIÓN DE ESPAZOS

1. O Concello de Arbo asignará os espazos atendendo en todo caso a criterios técnicos e de dispoñibilidade. Para a asignación dos espazos dispoñibles serán tidas en conta soamente as solicitudes que achegasen toda a documentación correcta nos prazos establecidos para o efecto. En caso de antigüidade, manterase o mesmo espazo que os anos anteriores.
2. O Concello de Arbo deseñará a configuración dos espazos onde poderán situarse por tipo de postos: espazos infantís, casetas, atraccións para persoas adultas, novidades, etc. atendendo á estrutura actual da zona habilitada para iso, e resérvase o dereito de rexeitar aquelas instalacións que incumpran a normativa reguladora da actividade, que polo seu tamaño, repetición da instalación ou outras consideracións non se consideren aptas , ou que non se axusten ao deseño da mesma.
3. **Queda terminantemente prohibido:**
 - Instalar unha atracción distinta á asignada, aínda sendo a persoa titular a propietaria da mesma. Calquera exceso de metros cadrados será obxecto de nova petición e de autoliquidación complementaria.
 - A división da parcela asignada, aínda sendo a persoa titular da parcela propietaria das instalacións que se pretendan montar.





CIF: P3600100F

- Subarrendar ou celebrar calquera contrato que implique o exercicio da actividade por persoa distinta da autorizada, que deberá estar presente en todo momento en que se realice a actividade.
- Colocar aveños forá do espazo autorizado.
- Colocar máquinas de refrescos e aparellos accionados por moedas, sen autorización expresa.
- Obter a subministración eléctrica en puntos de acceso non autorizados ou engancharse o alumado municipal.
- Utilizar ou exhibir animais en atraccións ou casetas.
- Peche da atracción ou establecemento sen causa xustificada.
- Faltar o respecto ao público ou provocarlle intencionadamente reaccións susceptibles de alterar a orde.
- Portar, dentro dos recintos, armas ou outra clase de obxectos que poidan usarse como tales.
- Desobedecer as decisións regulamentarias da autoridade municipal sobre medidas a adoptar en relación cos locais ou co desenvolvemento dos espectáculos.
- Estourar petardos ou utilizar armas de fogo, fachos acesos ou luces de bengala fóra das ocasións previstas ou sen as precaucións necesarias.
- Incumplir os horarios establecidos.
- Queda terminantemente prohibido o depósito de residuos ou desperdicios fóra dos espazos e recipientes habilitados para tal función e o mal uso dos contenedores.
- Incumplir a obrigaón de xestionar adecuadamente os aceites usados.
- **Queda terminantemente prohibido aparcar as caravanas nos lugares destinados ao público.**

4. CARAVANAS, VIVENDAS E CAMÍONS

- As caravanas/vivendas situaranse EXCLUSIVAMENTE no espazo que o concello designe para iso. Aquelas caravanas que permanezan sen as autorizacións correspondentes, serán retiradas do lugar que ocupen nos termos que marca a normativa municipal.





CIF: P3600100F

- Calquera caravana, vehículo particular ou camión que non estea debidamente rexistrado poderá ser penalizado e retirado pola Garda Civil.
- Os vehículos particulares aparcaranse na zona de aparcadoiro.
- A subministración eléctrica das caravanas ou vivendas realizarase polos seus propios medios (grupos electrógenos, motor..)
- Así mesmo, as caravanas haberán de contar con toda a súa documentación da caravana, contratación con empresas distribuidoras de enerxía etc.)/ etc.) sendo de responsabilidade súa a instalación acometida.
- Os CAMIÓNNS situaranse no aparcamento designado polo Concello. Esta prohibido o seu aparcamento polas beirarrúas da PO-400, así como en calquera outro lugar que imposibilite o normal funcionamento da convivencia dos veciños e veciñas de Arbo, dos locais comerciais ou do alumnado do Colexio.
- O Concello de Arbo decidirá sobre todas as incidencias que poidan xurdir durante a celebración das Festas resolvendo no acto calquera litixio, sendo as súas decisións irrevogables.

8

QUINTO: TAXAS.

A base impoñible virá determinada polos metros cadrados de superficie ocupada polo posto, atracción, caseta, etc. que se autorice, e polos días de ocupación reflectidos na solicitude rexistrada.





Praza Consistorio, 1
36430 ARBO – PONTEVEDRA
Telf.:986 665 000

CIF: P3600100F

TARIFA TERCEIRA.- OCUPACIÓNS VIA PUBLICA CON POSTOS, BARRACAS, CASETAS. Etc. EN EPOCAS DE FEIRAS E FESTAS.-

ACTIVIDADE	METROS	TARIFA
Venta de rosquillas, garrapiñadas, gominolas, algodón de azucre, churros, me, frutos secos....	Ata 10m2	10,00€.- por día
Venta de rosquillas, garrapiñadas, gominolas, algodón de azucre, churros, me, frutos secos....	De 11m2 a 20m2	20,00€.- por día
Venta de rosquillas, garrapiñadas, gominolas, algodón de azucre, churros, me, frutos secos....	A partir de 21m2 Incrementos por 1 m2	1,00€.- por día
Venta de rosquillas, garrapiñadas, gominolas, algodón de azucre, churros..... con camión	Ata 15m2	15,00€.- por día
Venta de rosquillas, garrapiñadas, gominolas, algodón de azucre, churros..... con camión, caravana ou similares	A partir de 11m2 Incrementos por 5 m2	5,00€.- por día
Food Truck	Ata 10m2 por día	10,00€.- por día
Food Truck	De 11m2 a 20m2	20,00€.- por día
Food Truck	A partir de 21m2 Incrementos por 1m2	1,00€.- por día
Artesanía, xoguets Flores, Plantas ou similares	Ata 10m2	10,00€.- por día
Artesanía, xoguets Flores, Plantas ou similares	De 11m2 a 20m2	20,00€.- por día
Artesanía, xoguets Flores, Plantas ou similares	A partir de 21m2 Incrementos por 1m	1,00€.- por día
Globos sen mesa	Ata 10m2 por día	10,00€.- por día
Venta de Bebidas con bar	Ata 10m2 por día	20,00€.- por día
Venta de Bebidas con bar	De 11m2 a 20m2	30,00€.- por día
Venta de Bebidas con bar	A partir de 21m2 Incrementos por 1m2	5,00€.- por día
Maquinas expendedoras de comida e bebida	Ata 10m2 por día	20,00€.- por día
Maquinas expendedoras de comida e bebida	De 11m2 a 20m2	30,00€.- por día
Maquinas expendedoras de comida e bebida	A partir de 21m2 Incrementos por 1m2	5,00€.- por día
Pista de coches, toros mecánicos, norias, carruseis, aparatos voladores, camas elásticas, saltamontes, coches eléctricos, casetas de tiro e distracción, espectáculos en casetas con espellos ou laberintos, gondolas ou outras similares	Ata 100m2 por día	30,00€.- por día
Pista de coches, toros mecánicos, norias, carruseis, aparatos voladores, camas elásticas, saltamontes, coches eléctricos, casetas de tiro e distracción, espectáculos en casetas con espellos ou laberintos, gondolas ou outras similares	De 101m2 a 200m2	50,00€.- por día
Pista de coches, toros mecánicos, norias, carruseis, aparatos voladores, camas elásticas, saltamontes, coches eléctricos, casetas de tiro e distracción, espectáculos en casetas con espellos ou laberintos, gondolas ou outras similares	A partir de 21m2 Incrementos por 10m2	15,00€.- por día
Hinchables	Ata 50m2	20,00€.- por día
Hinchables	De 52 a 100m2	30,00€.- por día
Hinchables	A partir de 101m2 Incrementos por 5m2	5,00€.- por día
Mesas de Xogo, Maquinas de Aire ou similares	Ata 10m2	10,00€.- por día





CIF: P3600100F

ACTIVIDADE	METROS	TARIFA
Mesas de Xogo, Maquinas de Aire ou similares	De 11m2 a 20m2	20,00€.- por día
Mesas de Xogo, Maquinas de Aire ou similares	A partir de 21m2 Incrementos por 1m	1,00€.- por día
Casetas de Penalti, aparellos de adestramento de proba de forza oi similares	Ata 10m2	10,00€.- por día
Casetas de Penalti, aparellos de adestramento de proba de forza oi similares	De 11m2 a 20m2	20,00€.- por día
Casetas de Penalti, aparellos de adestramento de proba de forza oi similares	A partir de 21m2 Incrementos por 1m2	1,00€.- por día

Os aumentos por fraccións entenderanse por cada tramo no que se aumente o espazo solicitado, e pagarán por intervalo de cada tramo.

Baixas e devolucións

Poderá solicitarse por escrito a devolución da taxa aboada 10 días antes do inicio da actividade.

So se procederá a devolución por causas de forza maior: enfermidade, traballo ou morte, que deberá ser xustificada.

10

En ningún caso se procederá á devolución do prezo pagado unha vez iniciada a prestación da actividade.

SEXTO: NORMAS E OBRIGACIÓNS

1. As instalacións expendedoras de alimentos e/o bebidas, deberán respectar a lexislación sobre protección ao consumidor e en especial as normas técnico-sanitarias da ordenanza reguladora de establecementos onde se consuman e elaboran comidas e bebidas
2. A autorización obrígalle ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida, debendo abonar coa solicitude as taxas que se deriven das actividades para realizar e comprometéndose a utilizar o ben segundo a súa natureza, levantando a atracción, establecemento ou posto ao concluír a autorización.
3. A explotación levarase a cabo directamente polo autorizado, sen ter relación laboral algunha co Concello de Arbo; en caso de ter que realizar contratación de persoal





CIF: P3600100F

externo ou empregado por circunstancias da produción, o mesmo tampouco terá relación laboral e dependerá única e exclusivamente do adxudicatario, sen que en ningún caso resulte responsable o Concello de Arbo das obrigacións existentes entre eles.

4. Manter en bo estado de uso, conservación, funcionamento, limpeza e decoro as instalacións, debendo realizar, á súa costa e coa previa autorización do Concello, as reposicións necesarias para o seu bo funcionamento. As avarías en conducións eléctricas, telefónicas, de auga potable ou calquera outro servizo público deberán ser reparadas por conta propia e das persoas autorizadas quedando expresamente prohibido o enganche a redes de auga de rega e eléctricas municipais.
5. As persoas e/o empresas adxudicatarias deberán ser especialmente escrupulosas en ofrecer unha coidada e eficiente información dos seus servizos ao público.
6. Os prezos dos distintos produtos, servizos e atraccións atoparanse sempre á vista do público.
7. Nas atraccións mecánicas ou doutro tipo, susceptibles de orixinar algún risco para o público, será obrigatorio informar de forma eficaz mediante carteis visibles ao público sobre as condicións, instrucións ou indicacións para o seu correcto uso, facendo fincapé na idade e tamaño mínimo ou máximo das persoas que poden utilizala. Ditas condicións de uso normal deberán expoñerse convenientemente, polo menos nos lugares de abono e pago dos prezos correspondentes para as persoas usuarias. O responsable da atracción deberá facer cumprir as normas, indicacións ou instrucións, sendo o responsable diso.
8. As instalacións de hostalería deberán exhibir unha lista de prezos ao público.
9. Os postos de alimentación deberán proporcionar información aos consumidores dos ingredientes alerxénicos e estar dispoñible de forma escrita.
10. As actividades de hostalería, tanto as instalacións como o persoal, deben cumprir coa normativa vixente en canto a sanidade e hixiene.
11. As persoas adxudicatarias non poderán efectuar tarefas de reparación ou conservación das atraccións que non se xustifiquen por avarías producidas no desenvolvemento da Feira, sendo responsable da deterioración que se ocasione nos espazos habilitados (manchas de aceite, combustible, deterioración do pavimento ou mobiliario público etc.)/ etc.) o titular da instalación e quedando obrigado a deixar en





CIF: P3600100F

perfecto estado de limpeza os espazos habilitados e autorizados cando termine a Feira.

12. Todas as instalacións deberán reunir as condicións legais establecidas na lexislación vixente e nos apartados anteriores.
13. As Máquinas de xogo tipo grúa, gancho (controladas por un joystick), cataratas, cadoiros, ou similares no taboleiro frontal destas máquinas e dunha forma visible, deberá constar a indicación de prohibición de utilización a menores de dezaoito anos.

SÉTIMO: DEREITOS E OBRIGACIONS DO CONCELLO DE ARBO.

1. O Concello de Arbo fará público con suficiente tempo de antelación: os prazos de solicitude, presentación de documentación, Taxas de ocupación a abonar e datas de pago, data das festas e modificacións nas rúas.
2. O Concello de Arbo expedirá a autorización de instalación ás persoas adxudicadas. A alteración dalgún dato da mesma (titular, atracción e parcela concedida), ou a falsificación de documentos conlevará, de maneira inmediata, a anulación da autorización, e procederase a realizar os trámites necesarios para denunciar a falsidade documental ante as autoridades competentes.
3. O Concello de Arbo dispoñerá de suficientes contedores de lixo nas rúas.
4. O Concello de Arbo non será responsable de ningún tipo de accidente que puidera ocorrer por fallo das atraccións, culpa ou negligencia por parte do titular ou persoal ao seu cargo, por danos ocasionados a terceiros.
5. O Concello poderá revogar a presente autorización unilateralmente, sen dereito a indemnización, por razóns de interese público, cando resulte incompatible coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produza danos no dominio público, impida a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscabe o uso xeral, e, en xeral, nos termos previstos na normativa de aplicación.
6. O Concello poderá inspeccionar, cando o considere oportuno, o funcionamento da actividade obxecto desta autorización.
7. Esixir, en calquera momento, durante a vixencia da autorización, o cumprimento das obrigacións contidas nos documentos que constitúen as presentes bases.

12





CIF: P3600100F

8. Imponer ao autorizado as correccións procedentes polas infraccións que se cometan e reclamacións que se denuncien como consecuencia da autorización.
9. En caso de infracción ou incumprimento das obrigacións establecidas nas Bases, o Concelleiro da Area delegada de Festas do Concello de Arbo, deberá levantar acta e polo autorizado verase obrigado de forma inmediata á corrección das anomalías ou deficiencias detectadas que se producen no Servizo.

OITAVO: RÉXIME SANCIONADOR

A presente normativa que ten carácter de obrigado cumprimento non exime en ningún caso das posibles responsabilidades e penalizacións que poidan aplicarse en función da lexislación vixente sobre estas materias.

NOVENO: ACEPTACIÓN DAS BASES

A solicitude implica a aceptación das presentes bases.

A interpretación que se faga do non recollido expresamente nestas bases, así como a resolución de calquera circunstancia non prevista, corresponde exclusivamente e de forma inapelable á organización.

As presentes bases aprobadas por Decreto de Alcaldía, publicaranse no Taboleiro de Anuncios do Concello de Arbo e na páxina web municipal.

ANEXO I

SOLICITUDE DO INTERESADO

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome e Apelidos/Razón Social			NIF
Dirección			
Código Postal	Municipio		Provincia
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico





Praza Consistorio, 1
36430 ARBO – PONTEVEDRA
Telf.:986 665 000

CIF: P3600100F

DATOS DO REPRESENTANTE			
Nome E Apelidos			NIF
Dirección			
Código Postal	Municipio		Provincia
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

DATOS DA NOTIFICACIÓN	
PERSONA A NOTIFICACIÓN	MEDIO DE NOTIFICACIÓN ¹
☐ Solicitante ☐ Representante	☐ Notificación electrónica ☐ Notificación postal

14

OBXECTO DA SOLICITUDE

¹ Conforme ao artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, as persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coas Administracións Públicas para o exercicio dos seus dereitos e obrigacións a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas. O medio elixido pola persoa para comunicarse coas Administracións Públicas poderá ser modificado por aquela en calquera momento.

En todo caso, estarán obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo, polo menos, os seguintes suxeitos:

- As persoas xurídicas.
- Las entidades sin personalidad jurídica.
- Quienes ejerzan una actividad profesional para la que se requiera colegiación obligatoria, para los trámites y actuaciones que realicen con las Administraciones Públicas en ejercicio de dicha actividad profesional. En todo caso, dentro de este colectivo se entenderán incluidos los notarios y registradores de la propiedad y mercantiles.
- Quienes representen a un interesado que esté obligado a relacionarse electrónicamente con la Administración.
- Los empleados de las Administraciones Públicas para los trámites y actuaciones que realicen con ellas por razón de su condición de empleado público, en la forma en que se determine reglamentariamente por cada Administración.





CIF: P3600100F

Autorización para un posto de venda ambulante

Tipo de Actividade/Posto/ Venta _____

dimensión _____

Período _____

Ao obxecto de acompañar a solicitude de autorización para o exercicio da venda ambulante de _____, de conformidade co artigo 5 do Real Decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, realiza a seguinte,

DECLARACIÓN RESPONSABLE

PRIMEIRO. Que se cumpren os requisitos establecidos para o exercicio da actividade tanto no Real Decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria e na Lei 13/2010, do 17 de decembro, do Comercio Interior de Galicia.

SEGUNDO. Que o solicitante está en posesión da documentación que acredita o cumprimento dos requisitos para partir do inicio da actividade.

TERCEIRO. Que o solicitante se compromete a manter o cumprimento dos requisitos durante o prazo de vixencia da autorización.

CUARTO. Que o solicitante certifica estar dado de alta no epígrafe correspondente do imposto de actividades económicas e ao corrente no pago da tarifa ou, no caso de estar exentos, estar dado de alta no censo de obrigados tributarios.

QUINTO. Que o solicitante está ao corrente no pago das cotizacións da Seguridade Social.

SEXTO [No seu caso]. O solicitante acredita o cumprimento das obrigacións establecidas en materia de autorizacións de residencia e traballo.

SÉTIMO. Que reúne as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto ou produtos obxecto da venda ambulante ou non sedentaria

[En caso de venda de produtos alimentarios] Que está en posesión do carné de manipulador de alimentos.

Por todo o cal, SOLICITO que, de conformidade co disposto na Ordenanza reguladora da Venda ambulante no Municipio, no Real Decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria, e nos artigos 53 a 55 da Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de Ordenación do Comercio Retailista, e previos os trámites correspondentes e a documentación presentada, concédaseme a autorización para o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria; e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.





CIF: P3600100F

DOCUMENTACIÓN APORTADA²

1.
2.
3.
4.
5.

PRAZO DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DO SILENCIO

De conformidade co establecido no artigo 9.5º do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955, en relación coa súa solicitude, comunícaselle que o PRAZO MÁXIMO DE RESOLUCIÓN deste procedemento e para a notificación do acto que lle poña termo é dun mes.

Transcorrido o prazo sinalado sen que se ditou e notificado pola Administración a resolución correspondente, o EFECTO DO SILENCIO ADMINISTRATIVO será desestimatorio, de conformidade co establecido no artigo 9.7º.b) do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais aprobado por Decreto do 17 de xuño de 1955.

Con todo, o citado prazo máximo legal para resolver o procedemento e notificar a resolución poderase suspender nos casos previstos no artigo 22 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

DATA E FIRMA

Declaro baixo a miña responsabilidade que os datos facilitados son certos.

En _____, a _____ de _____ de 20__.

O solicitante ou o seu representante legal,

Ado.: _____

16

² Non será esixible a acreditación documental doutros requisitos detallados na declaración responsable, sen prexuízo das facultades de comprobación que teñen atribuídas as Administracións Públicas

De conformidade co artigo 5 do Real Decreto 199/2010, do 26 de febreiro, polo que se regula o exercicio da venda ambulante ou non sedentaria (de carácter básico de conformidade coa Disposición Final Primeira da devandita norma) a presentación da solicitude requirirá unicamente a firma dunha declaración responsable na que se manifeste, polo menos, os datos recolleitos nesta Declaración Responsable. Por outra banda, esixírase que o petionario acredite satisfacer as taxas e tributos fixados na Ordenanza. Á vista da regulación aplicable entendemos que non é posible esixir que na solicitude incluíase como documento a achegar, o xustificante de abonar a taxa correspondente; aínda que, na tramitación do expediente deberase comprobar este extremo





Praza Consistorio, 1
36430 ARBO – PONTEVEDRA
Telf.:986 665 000

CIF: P3600100F

[ILMO.] SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE ARBO

AVISO LEGAL

De conformidade coa Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, esta Administración infórmalle que os datos de carácter persoal que se obteñan da súa solicitude serán incorporados e tratados de forma segura e confidencial nos correspondentes ficheiros. A recollida e tratamento destes datos ten como fin o exercicio por parte desta Administración das funcións e competencias atribuídas legalmente, incluídas as relativas á comunicación, notificación e calquera outra actuación que se derive das relacións xurídico-administrativas levadas a cabo nesta Administración e das que vostede sexa titular; así como a formación e mantemento dos propios ficheiros. Se o desexa, pode acceder aos datos facilitados, así como de solicitar, no seu caso, a súa rectificación, oposición ou cancelación, dirixindo unha comunicación escrita a esta Administración.

17

ANEXO II

D.D^a _____ con
DNI/Permiso de residencia _____
e con domicilio en _____
Localidade : _____ Código Postal: _____
Tfno: _____

DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1. Coñecer e cumprir as normas que deben axustarse a súa actividade e o seu compromiso de cumprilas (RD 199/2010 do 26 de febreiro polo que se regula o exercicio da venda ambulante; Lei 13/2010 do 17 de decembre do comercio interior de Galicia). En especial: Reunir todos os requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos obxecto da venda e non realizar actividades con produtos prohibidos, co compromiso de mantelos durante o prazo de vixencia da autorización.
2. Estar dado de alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas e estar ao corrente no pagamento da tarifa.





CIF: P3600100F

3. Estar dado de alta no epígrafe correspondente do Imposto de Actividades Económicas, e de alta no censo de obrigados tributarios (só marcar no caso de estar exento do pagamento da tarifa).
4. Estar dado de alta no réxime correspondente da Seguridade Social e ao corrente no pagamento das cotizacións á Seguridade Social.
5. Estar en posesión do certificado acreditativo de ter recibido formación en materia de manipulación de alimentos (só marcar no caso de venda de produtos de alimentación).
6. Dispor do seguro de responsabilidade civil.
7. Que o vehículo empregado na venda ambulante reúne as condicións de seguridade, hixiénico-sanitarias e frigoríficas esixidas pola normativa sanitaria e demais normativa específica de aplicación (só no caso de venda a través de camiión ou vehículo-tenda).
8. Estar en posesión da documentación que acredite o cumprimento dos referidos requisitos a partires do inicio da actividade de venda.
9. Estar ao corrente de pagos no Concello do Arbo, na Axencia Tributaria Estatal, na Seguridade Social e Axencia Tributaria Galega.
10. Reunir as condicións esixidas pola normativa reguladora do produto obxecto da venda ambulante.
11. No caso de ser prestador procedente de terceiros países, acreditar que coñece e cumprecoas obrigas establecidas na lexislación vixente en materia de autorizacións de residencia e traballo.
12. Non realizar actividades con produtos prohibidos
13. Que dará cumprimento aos niveis de ruído establecidos na normativa contra a contaminación producida por ruídos e vibracións.
14. Que dará cumprimento á normativa de protección contra incendios que lle é de aplicación
15. Que dará cumprimento aos horarios establecidos na normativa específica.
16. Que dará cumprimento todas as condicións establecidas no Regulamento electrotécnico de baixa tensión (REBT; RD 842/2002) e Instrucións complementarias, en especial a ICT- BT- 028 sobre instalacións en locais de pública concorrencia.





Praza Consistorio, 1
36430 ARBO – PONTEVEDRA
Telf.:986 665 000

CIF: P3600100F

17. Que se compromete a manter os requisitos esixidos durante o período de vixencia da citada autorización, e dispoñer no recinto da actividade da documentación requirida.
18. Que declara coñecer, e acepta plenamente, as normas e condicións (sobre seguridade e hixiene, horario de apertura e funcionamento, e todas as demais que resulten preceptivas para o funcionamento da actividade) establecidas no Prego de condicións para a autorización de ocupación da vía pública con actividades con motivo das festas das que é obxecto o prego de concesión para a concesión de ocupación e uso do espazo público. Non atoparse incurso en ningún dos casos de incapacidade ou incompatibilidade establecidos na Lei par ao exercicio do comercio.

Arbo, _____ de _____ 20 _____

Asdo.: _____

19

ANEXO III

LIQUIDACIÓN TAXAS

A base imponible virá determinada polos metros cadrados de superficie ocupada polo posto, atracción, caseta, etc. que se autorice, e polos días de ocupación reflectidos na solicitude rexistrada.

DATOS DO SOLICITANTE			
Nome e Apelidos/Razón Social			NIF
Tipo de actividade/posto/venta			
Dirección			
Teléfono	Móbil	Fax	Correo electrónico

POSTO	EUROS POR DÍA	METROS	DÍAS	IMPORTE TOTAL





Praza Consistorio, 1
36430 ARBO – PONTEVEDRA
Telf.:986 665 000

CIF: P3600100F

TOTAL A PAGAR				

Será ingresada na conta de obras do Concello núm.
ES2520805011813040006111 de ABANCA, oficina de Arbo.

Arbo, a _____

O alcalde. Horacio Gil Expósito.

Documento asinado electronicamente.

